



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDADE GALEGA (FEUGA) PARA IMPULSAR PROGRAMAS DE POSICIONAMIENTO E CAPTACIÓN DE PROXECTOS EUROPEOS PARA O SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA (segundo modelo Anexo á Circular nº 1/2016, do 15 de febreiro, da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, pola que se editan instrucións en materia de convenios para aplicación da lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno).

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades, **DECLARA:**

Que esta Secretaría xeral de Universidades da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CONSELLERÍA) ten previsto formalizar coa Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración da CONSELLERÍA para o financiamento dunhas accións da FEUGA para impulsar un programa de posicionamento e captación de proxectos europeos para o Sistema universitario de Galicia (SUG). A axuda irá destinada a subvencionar o gasto realizado pola FEUGA (presenza permanente en Bruxelas, custos de persoal, viaxes e outros, cotas de agrupacións, ...) para aumentar o posicionamento internacional do SUG e a captación de fondos derivados de proxectos europeos, para incrementar as colaboracións internacionais das universidades galegas, así como as colaboracións co sector industrial e os resultados de investigación (publicacións, patentes, ...) e para a promoción e divulgación de proxectos e convocatorias europeas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar ten interese público dado que é preciso desprezar unha rede de intelixencia que detecte e explote oportunidades de crecemento e mellora para o SUG e dar resposta ás necesidades de transferencia de investigación por medio de accións para promover que as universidades públicas galegas poidan participar en proxectos de investigación europeos e internacionais.

Estas accións esténdense ás tres universidades galegas, podendo beneficiarse todos os grupos de investigación do SUG e, polo tanto, non sendo necesario promover a concorrència competitiva.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do Sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alio á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela a de xuño de dos mil dezaseis.

(asinado dixitalmente)

